



BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

XII lexislatura  
Número 39  
14 de xuño de 2024



# SUMARIO

---

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.5. Mocións

##### 1.3.5.4. Mocións tramitadas

#### Rexeitamento da iniciativa

##### **I 5150 (12/MOC-000007)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre os servizos sanitarios prestados polo Sergas con medios alleos e a transparencia na súa contratación (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 3449 publicada no BOPG núm. 24 f1, do 15 de maio de 2024, e debatida en sesión plenaria o 29 de maio de 2024.) [15183](#)

##### **I 5189 (12/MOC-000009)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria

Sobre o fomento dos vínculos coa lusofonía (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 1475, publicada no BOPG núm. 12f1, do 17 de abril de 2024, e debatida en sesión plenaria o 29 de maio de 2024.) [15183](#)

##### **I 5201 (12/MOC-000010)**

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre a planificación da creación de solo empresarial nesta lexislatura (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 3468, publicada no BOPG núm. 24f1, do 15 de maio de 2024, e debatida en sesión plenaria o día 29 de maio de 2024.) [15183](#)

### 1.3.6. Proposicións non de lei

#### 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

#### Aprobación sen modificacións

##### **I 417 (12/PNP-000005)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e oito deputados/as máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central, así como as que debe poñer en marcha xunto coa Deputación de Ourense, para mellorar o apoio económico á optimización do regadío na Limia [15184](#)



**I 697 (12/PNP-000057)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e oito deputados/as máis**

Sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Sareb co obxectivo de garantir o fin social das vivendas propiedade da devandita sociedade en Galicia

[15184](#)**Rexeitamento da iniciativa****I 1986 (12/PNP-000228)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e Castro García, Daniel**

Sobre a demanda formulada ao Goberno galego coa finalidade de que impulse as seleccións galegas das diferentes disciplinas deportivas e un calendario de competicións estable para elas

[15185](#)**I 2023 (12/PNP-000232)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que modifique o actual sistema de cómputo das listaxes de espera no sistema sanitario público

[15185](#)**I 4106 (12/PNP-000438)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha para aplicar á súa política de apoio á actividade artística e creativa galega

[15185](#)**I 4362 (12/PNP-000461)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en relación coa mellora da capacidade da rede pública de escolas infantís e a garantía de acceso de todas as nenas e nenos de 0 a 3 anos a esta etapa educativa

[15185](#)**1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión****1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas****COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO****Rexeitamento da iniciativa****I 1573 (12/PNC-000186)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo co fin de promover a instalación en Galicia de actividades industriais do ámbito do automóbil que consoliden o sector e diminúan a súa dependencia exterior

[15186](#)

**I 4298 (12/PNC-000528)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego co obxecto de integrar a consolidación da Ribeira Sacra como destino turístico dentro dos obxectivos da súa candidatura á declaración de Patrimonio da Humanidade da Unesco [15186](#)

**1.4. Procedementos de información****1.4.5. Respostas a preguntas****Coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación****I 5214 - 644 (12/PRE-000013)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis**

Sobre o rescate da concesión e a transferencia a Galicia da autoestrada AP-9 [15203](#)

**I 5213 - 912 (12/PRE-000042)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as consideracións da Xunta de Galicia en relación coas condicións actuais do acceso á vivenda e coas medidas que cómpre impulsar neste ámbito [15205](#)

**I 5212 - 1383 (12/PRE-000112)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e 5 máis**

Sobre o traballo que levou a cabo e as previsións que ten o Goberno galego canto ao desenvolvemento das principais infraestruturas e actuacións comprometidas para a cidade de Ourense [15207](#)

**I 5211 - 1432 (12/PRE-000121)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre os problemas de accesibilidade e seguridade para a veciñanza xerados pola ampliación da vía de acceso ao Hospital Gran Montecelo, en Pontevedra [15210](#)

**I 5210 - 1979 (12/PRE-000194)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre a eficiencia económica do modelo de colaboración público-privada que mantén a Xunta de Galicia na construción e explotación das autovías galegas [15212](#)

**I 5209 - 2071 (12/PRE-000208)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e 2 máis**

Sobre a taxa actual de emancipación da mocidade galega e a relación coa súa situación laboral e a súa capacidade de acceso á vivenda [15214](#)



**I 5208 - 2120 (12/PRE-000218)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e 3 máis**

Sobre a xestión administrativa que levou adiante o Instituto Galego da Vivenda e Solo no referido ás axudas á mocidade derivadas do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025 [15216](#)

**I 5207 - 2178 (12/PRE-000228)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao remate da autovía da Costa da Morte [15218](#)

**I 5206 - 2342 (12/PRE-000247)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre o cumprimento das políticas anunciadas polo Goberno galego en materia de prevención e abordaxe da soidade non desexada [15220](#)

**I 5205 - 2346 (12/PRE-000248)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre as políticas sociais anunciadas e non desenvolvidas aínda pola Xunta de Galicia [15222](#)

**I 5429 - 2538 (12/PRE-000275)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, José Daniel e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre os estudos das condicións de seguridade no interior do porto de Malpica co fin de executar un proxecto de mellora, a opción elixida dentro das diferentes intervencións consideradas e o cronograma de obras e orzamentos previsto [15225](#)

**I 5204 - 2542 (12/PRE-000276)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o procedemento aberto pola Comisión Europea respecto das prórrogas da concesión da AP-9, a valoración da decisión do Goberno central de manter o actual sistema de explotación e xestión da autoestrada e as eventuais iniciativas da Xunta de Galicia na procura da gratuidade desta infraestrutura [15227](#)

**I 5237 - 2950 (12/PRE-000319)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as razóns da eliminación da Secretaría Xeral de Igualdade do organigrama da Xunta de Galicia [15230](#)

**I 5236 - 2956 (12/PRE-000320)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a xestión do Servizo de Atención á Dependencia no referido aos atrasos nas valoracións e revisións do grao de discapacidade e as medidas que prevé activar o Goberno galego para reducir os tempos de agarda [15232](#)

### **I 5203 - 3452 (12/PRE-000376)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre as recomendacións realizadas polo Consello de Contas no seu informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas de 2022, a eventual auditoría externa sobre os contratos menores e negociados sen publicidade e a transparencia da plataforma de contratos da Xunta de Galicia [15235](#)

## **4. Informacións e correccións de erros**

### **4.1. Informacións**

VALEDOR DO POBO

**I** Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de xuño de 2024, pola que se toma coñecemento e se acorda a publicación das resolucións do 5 de xuño de 2024 polas que e aproba a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo e se convoca concurso de méritos para a adscrición a un posto vacante no Valedor do Pobo (doc. núm. 5405) [15189](#)

**Resolución do 5 de xuño de 2024 pola que se convoca concurso de méritos para a adscrición a un posto vacante no Valedor do Pobo**

**Resolución do 5 de xuño de 2024 pola que se aproba a convocatoria para a adscrición, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo do Valedor do Pobo**



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.5. Mocións

##### 1.3.5.4. Mocións tramitadas

O Pleno do Parlamento, na sesión do 11 de xuño de 2024, adoptou os seguintes acordos:

#### Rexeitamento da iniciativa

- 5150 (12/MOC-000007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre os servizos sanitarios prestados polo Sergas con medios alleos e a transparencia na súa contratación (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 3449 publicada no BOPG núm. 24 f1, do 15 de maio de 2024, e debatida en sesión plenaria o 29 de maio de 2024.)

BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 5189 (12/MOC-000009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria

Sobre o fomento dos vínculos coa lusofonía (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 1475, publicada no BOPG núm. 12f1, do 17 de abril de 2024, e debatida en sesión plenaria o 29 de maio de 2024.)

BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 25 votos a favor, 38 votos en contra e 6 abstencións.

- 5201 (12/MOC-000010)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre a planificación da creación de solo empresarial nesta lexislatura (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 3468, publicada no BOPG núm. 24f1, do 15 de maio de 2024, e debatida en sesión plenaria o día 29 de maio de 2024.)

BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 1 voto a favor, 38 votos en contra e 30 abstencións.



### 1.3.6. Proposicións non de lei

#### 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

##### Aprobación sen modificacións

- 417 (12/PNP-000005)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e oito deputados/as máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central, así como as que debe poñer en marcha xunto coa Deputación de Ourense, para mellorar o apoio económico á optimización do regadío na Limia

BOPG nº 6, do 05.04.2024

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 63 votos a favor, 7 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

— Instar o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a que promova un cambio legislativo que permita non repercutir o IVE non deducible aos regantes e, no caso de que este non for posible, asumir o financiamento do 80 por cento do devandito IVE.

— Instar o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a que revise o esquema de financiamento do convenio para evitar que os regantes teñan que avalar o montante total do seu investimento.

— Instar a Xunta de Galicia e a Deputación de Ourense a que asuman o financiamento do 20 por cento do IVE da actuación, no caso de que non se acade o cambio legislativo que permita a súa non repercusión.»

- 697 (12/PNP-000057)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e oito deputados/as máis

Sobre determinadas demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central e á Sareb co obxectivo de garantir o fin social das vivendas propiedade da devandita sociedade en Galicia

BOPG nº 9f1, do 11.04.2024

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 63 votos a favor, ningún voto en contra e 7 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e solicite á Sareb (Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria):

1º. A inclusión de Galicia no Programa Viena para a construción de vivenda en alugueiro.





2º. Que as vivendas propiedade desta sociedade en Galicia se destinen a usos sociais, coa súa cesión gratuíta á Xunta de Galicia, que deberán integrar as vivendas cedidas no parque público de vivenda en alugueiro que xestiona o IGVS. Cederanse á Xunta as vivendas que se atopen en condicións adecuadas para o seu uso ou que precisen pequenas reparacións e non se atopen en ningún tipo de situación legal que impida o seu alugueiro unha vez cedidas.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 1986 (12/PNP-000228)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Castro García, Daniel

Sobre a demanda formulada ao Goberno galego coa finalidade de que impulse as seleccións galegas das diferentes disciplinas deportivas e un calendario de competicións estable para elas  
BOPG nº 16f1, do 24.04.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 24 votos a favor, 45 en contra e unha abstención.

- 2023 (12/PNP-000232)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que modifique o actual sistema de cómputo das listaxes de espera no sistema sanitario público  
BOPG nº 16f1, do 24.04.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

- 4106 (12/PNP-000438)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto

Sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha para aplicar á súa política de apoio á actividade artística e creativa galega  
BOPG nº 27, do 21.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 38 en contra e unha abstención.

- 4362 (12/PNP-000461)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en relación coa mellora da capacidade da rede pública de escolas infantís e a garantía de acceso de todas as nenas e nenos de 0 a 3 anos a esta etapa educativa  
BOPG nº 31f1, do 29.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

#### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

#### COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 13 de xuño de 2024, adoptou os seguintes acordos:

#### Rexeitamento da iniciativa

- 1573 (12/PNC-000186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo co fin de promover a instalación en Galicia de actividades industriais do ámbito do automóbil que consoliden o sector e diminúan a súa dependencia exterior

BOPG nº 12f2, do 17.04.2024

Sométese a votación separada por puntos:

Punto 1º: resulta rexeitado por 6 votos a favor, 9 votos en contra 2 abstencións.

Puntos 2º e 3º: resultan rexeitados por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 4298 (12/PNC-000528)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego co obxecto de integrar a consolidación da Ribeira Sacra como destino turístico dentro dos obxectivos da súa candidatura á declaración de Patrimonio da Humanidade da Unesco

BOPG nº 31f2, do 29.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 8 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2024

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



## 1.4. Procedementos de información

### 1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 10 de xuño de 2024, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

#### **Coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación**

- 5214 - 644 (12/PRE-000013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis

Sobre o rescate da concesión e a transferencia a Galicia da autoestrada AP-9

- 5213 - 912 (12/PRE-000042)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as consideracións da Xunta de Galicia en relación coas condicións actuais do acceso á vivenda e coas medidas que cómpre impulsar neste ámbito

- 5212 - 1383 (12/PRE-000112)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 5 máis

Sobre o traballo que levou a cabo e as previsións que ten o Goberno galego canto ao desenvolvemento das principais infraestruturas e actuacións comprometidas para a cidade de Ourense

- 5211 - 1432 (12/PRE-000121)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre os problemas de accesibilidade e seguridade para a veciñanza xerados pola ampliación da vía de acceso ao Hospital Gran Montecelo, en Pontevedra

- 5210 - 1979 (12/PRE-000194)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a eficiencia económica do modelo de colaboración público-privada que mantén a Xunta de Galicia na construción e explotación das autovías galegas

- 5209 - 2071 (12/PRE-000208)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e 2 máis

Sobre a taxa actual de emancipación da mocidade galega e a relación coa súa situación laboral e a súa capacidade de acceso á vivenda

- 5208 - 2120 (12/PRE-000218)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 3 máis



Sobre a xestión administrativa que levou adiante o Instituto Galego da Vivenda e Solo no referido ás axudas á mocidade derivadas do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025

- 5207 - 2178 (12/PRE-000228)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao remate da autovía da Costa da Morte

- 5206 - 2342 (12/PRE-000247)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre o cumprimento das políticas anunciadas polo Goberno galego en materia de prevención e abordaxe da soidade non desexada

- 5205 - 2346 (12/PRE-000248)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as políticas sociais anunciadas e non desenvolvidas aínda pola Xunta de Galicia

- 5429 - 2538 (12/PRE-000275)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre os estudos das condicións de seguridade no interior do porto de Malpica co fin de executar un proxecto de mellora, a opción elixida dentro das diferentes intervencións consideradas e o cronograma de obras e orzamentos previsto

- 5204 - 2542 (12/PRE-000276)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o procedemento aberto pola Comisión Europea respecto das prórrogas da concesión da AP-9, a valoración da decisión do Goberno central de manter o actual sistema de explotación e xestión da autoestrada e as eventuais iniciativas da Xunta de Galicia na procura da gratuidade desta infraestrutura

- 5237 - 2950 (12/PRE-000319)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as razóns da eliminación da Secretaría Xeral de Igualdade do organigrama da Xunta de Galicia

- 5236 - 2956 (12/PRE-000320)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a xestión do Servizo de Atención á Dependencia no referido aos atrasos nas valoracións e revisións do grao de discapacidade e as medidas que prevé activar o Goberno galego para reducir os tempos de agarda



- 5203 - 3452 (12/PRE-000376)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as recomendacións realizadas polo Consello de Contas no seu informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas de 2022, a eventual auditoría externa sobre os contratos menores e negociados sen publicidade e a transparencia da plataforma de contratos da Xunta de Galicia

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2024

María Elena Candía López

Vicepresidenta 1ª

## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.1. Informacións

VALEDOR DO POBO

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de xuño de 2024, pola que se toma coñecemento e se acorda a publicación das resolucións do 5 de xuño de 2024 polas que e aproba a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo e se convoca concurso de méritos para a adscrición a un posto vacante no Valedor do Pobo (doc. núm. 5405)**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 10 de xuño de 2024, tomou coñecemento do escrito da valedora do pobo polo que remite resolucións do 5 de xuño de 2024 polas que e aproba a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo e se convoca concurso de méritos para a adscrición a un posto vacante no Valedor do Pobo (doc. núm. 5405) e acordou a súa publicación.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

**Resolución do 5 de xuño de 2024 pola que se convoca concurso de méritos para a adscrición a un posto vacante no Valedor do Pobo.**

Ao abeiro do establecido no artigo 7.k) do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, convócase concurso de méritos para a cobertura, mediante adscrición, dun posto vacante do corpo administrativo, grupo C, incluído na relación de postos de traballo da Valedor do Pobo, que se detalla no anexo I, conforme as seguintes:

BASES

### 1. Normas xerais

A esta convocatoria seralle de aplicación a Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo; o Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, aprobado pola Comisión de



Peticións do Parlamento de Galicia con data do 16 de xaneiro de 2018 e publicado por Resolución do 22 de xaneiro; a Resolución da valedora do pobo, do 28 de novembro de 2023, pola que se aproban as bases xerais para as convocatorias para a adscrición, polo sistema de concurso de méritos, de persoal das administracións públicas, a postos de traballo vacantes na relación de postos de traballo da institución (BOPG nº 614, do 19 de decembro), e a súa normativa complementaria e supletoria.

O posto está dotado coas súas retribucións correspondentes, consignadas nos orzamentos da institución do ano en curso.

## **2. Requisitos das persoas aspirantes**

### **2.1 .Xerais**

Para seren admitidas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a condición de persoal funcionario de carreira de calquera administración pública, pertencente ao corpo administrativo (grupo C<sup>1</sup> / C-1<sup>2</sup>).
- b) Non exceder a idade de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das funcións correspondentes.
- d) Non ter sido obxecto dunha separación de servizo de calquera administración pública mediante expediente disciplinario nin dunha inhabilitación con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

### **2.2. Concorrencia**

Os requisitos establecidos no punto anterior deberán cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento de toma de posesión da praza resultante deste proceso.

## **3. Valoración de méritos**

Os méritos alegados deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de cada convocatoria.

Os méritos serán valorados conforme os seguintes criterios:

### **3.1. Antigüidade e experiencia profesional por servizos prestados en administracións públicas ou órganos constitucionais ou estatutarios**

A antigüidade valorarase por anos de servizo. Diferenciarase a puntuación en función dos corpos ou escalas en que se prestou o servizo, atendendo ao seguinte baremo:

- a) 0,40 puntos por ano completo de servizos prestados como persoal funcionario en corpos ou escalas do mesmo nivel de titulación ou superior a aqueles en que estea clasificado o posto a que se opta.

<sup>1</sup> Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 20 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

<sup>2</sup> Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 42 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.



b) 0,20 puntos por ano completo de servizos prestados como persoal funcionario en corpos ou escalas de inferior nivel de titulación a aqueles en que estea clasificado o posto a que se opta.

Esta puntuación asignarase porcentualmente aos períodos inferiores a 1 ano, cunha duración mínima de 1 mes.

A puntuación máxima por antigüidade será de 12 puntos.

### 3.2. Cursos de formación e perfeccionamento

Serán valorados como mérito os cursos de formación impartidos ou recibidos cunha duración mínima de 8 horas e organizados ou promovidos polo Valedor do Pobo, polas escolas oficiais de formación do Estado, das comunidades autónomas, cursos organizados e/ou impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP) e os cursos organizados e/ou impartidos polas organizacións sindicais, sempre que estean homologados ou acreditados polos órganos de formación das administracións públicas, atendendo á seguinte distribución:

a) Cursos sobre réxime xurídico, actividade contable e actividade financeira das administracións públicas e órganos constitucionais e estatutarios, xestión e contratación administrativa, persoal, políticas públicas e procedementos comunitarios (UE), administración electrónica, informática, protección de datos, calidade administrativa, atención á cidadanía, arquivo, linguaxe administrativa, comunicación, organización do traballo, mellora de habilidades e coñecementos transversais: 0,01 puntos por cada hora de formación, ata un máximo de 2 puntos por curso.

Puntuación máxima neste apartado: 4 puntos.

b) Cursos en materia de igualdade e violencia de xénero: 0,01 puntos por cada hora de formación, ata un máximo de 2 puntos por curso.

Puntuación máxima neste apartado: 3 puntos.

c) Cursos en materia de transparencia, prevención de riscos laborais, seguridade e saúde laboral: 0,01 puntos por cada hora de formación, ata un máximo de 2 puntos por curso.

Puntuación máxima neste apartado: 2 puntos.

d) Por estar en posesión dun título de coñecementos dunha lingua estranxeira, acreditada segundo o Marco europeo común de referencia para as linguas (MERC): 0,5 puntos para a titulación máxima que se posúa en cada idioma.

Puntuación máxima neste apartado: 1 punto.

Os cursos unicamente poderán ser valorados nun apartado.

Para os efectos de puntuación neste apartado, valoraranse as probas de avaliación de carácter libre organizadas por escolas oficiais de formación do Estado e das comunidades autónomas, ao consideralas equivalentes a un aproveitamento polas horas previstas dos correspondentes cursos organizados e impartidos por elas.



Non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares, módulos ou partes integrantes dun curso, materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica, cursos de doutoramento e cursos que formen parte dos procesos de selección de persoal funcionario.

Non se valorarán cursos en que non figure o número de horas de duración, cursos sobre normativa que estea derogada tres anos antes da data da publicación da presente convocatoria, nin cursos sobre aplicacións ou sistemas informáticos que, pola súa obsolescencia, deixasen de ser utilizados nas administracións públicas ou nos órganos constitucionais e estatutarios.

A puntuación máxima por cursos de formación e perfeccionamento será de 10 puntos.

### 3.3. Grao persoal

Polo nivel 10 de grao consolidado, recoñecido e formalizado: 1 punto. Por cada unidade de nivel que exceda 10: 0,15 puntos.

No suposto en que as persoas concursantes non teñan recoñecido ningún grao persoal ou este sexa inferior a 10, outorgaráselles 0.5 puntos.

A puntuación máxima no apartado de grao persoal será de 4 puntos.

### 3.4. Grao de coñecemento do idioma galego

Valorarase a formación especializada en idioma galego coa seguinte cualificación:

- a) Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galego, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galego, curso de linguaxe xurídica galego, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga 5: 1,5 puntos.
- b) Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galego ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galego: 3 puntos.

A puntuación máxima no grao de coñecemento do idioma galego será de 3 puntos

### 3.5. Traballo desenvolvido.

Só se computará o traballo desenvolvido coa condición de funcionario/a nos distintos subgrupos.

A determinación da puntuación realizarase a partir do sumatorio das puntuacións parciais obtidas no desempeño dun ou máis postos de traballo deste ou diferente nivel de destino como consecuencia de aplicar a seguinte fórmula.

$$\text{Traballo desenvolvido} = (T1 \times P1 + T2 \times P2 + \dots + Tn \times Pn)$$

Onde:





— Ti amosa o tempo total de traballo desenvolvido nun nivel de destino concreto (i) expresado en meses (teranse en conta meses de 30 días).

— Pi amosa a puntuación asignada ao nivel de destino (i) segundo o seguinte criterio:

-Polo nivel de destino 10: 0,001 puntos.

-Por cada unidade de nivel de destino que exceda 10: 0,001 puntos.

A puntuación máxima no apartado de traballo desenvolvido será de 2 puntos

### 3.6. Exercicio de dereitos de conciliación

Valoraranse o exercicio dos dereitos de conciliación exercidos nos cinco anos anteriores á data de publicación da convocatoria do presente concurso do seguinte xeito:

1. Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,20 puntos.

2. Permiso como proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda co fin de adopción, adopción ou acollemento dun fillo: 0,20 puntos.

3. Redución de xornada por exercicio de dereitos de conciliación: 0,02 puntos/mes.

4. Excedencia para coidado de fillos/as e familiares: 0,04 puntos/mes.

5. Ter a cargo menores de doce anos e persoas dependentes ou con discapacidade: 0,5 puntos.

6. Para acceder aos postos situados na localidade onde radique o posto de traballo do cónxuxe ou parella de feito sempre que o solicitante non teña destino definitivo nesa mesma localidade: 0,5 puntos.

7. Para acceder aos postos situados na localidade onde radique o centro de estudos ou escola infantil en que estea matriculado un ou máis fillos ou fillas menores de dezaseis anos sempre que a persoa solicitante non teña destino definitivo nesa mesma localidade: 0,5 puntos.

A puntuación das alíneas 6 e 7 outorgarase con carácter alternativo e nunca acumulativo.

Para a valoración do exercicio de dereitos de conciliación, os meses computaranse por días naturais de 30 días e a puntuación máxima deste apartado será de 2 puntos.

### 3.7. Titulacións académicas

a) Por ter unha titulación académica non universitaria superior ao título académico exixido para o ingreso no corpo de funcionarios a que pertenza o posto a que se opte: 0,25 puntos.

b) Por ter unha titulación académica universitaria superior ao título académico exixido para o ingreso no corpo de funcionarios a que pertenza o posto a que se opte: 0,5 puntos.

Non se valorarán títulos académicos imprescindibles para a consecución doutros de nivel superior que se aleguen como méritos, nin se valorarán os títulos académicos exixidos para o ingreso no corpo de funcionarios correspondente.

A puntuación máxima no apartado de titulacións académicas será de 1 punto



## 4. Presentación de solicitudes

### 4.1. Prazo de presentación

O prazo de presentación das solicitudes será de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

### 4.2. Forma de presentación

As solicitudes presentaranse exclusivamente mediante a cobertura do formulario de solicitude en formato electrónico que figura na páxina web da institución para a presente convocatoria.

As persoas interesadas en participar no procedemento de provisión do posto convocado deberán acceder ao formulario electrónico de participación, cubrir todos os datos que aparecen nel e posteriormente validalos, confirmalos, imprimir o formulario e presentalo asinado no rexistro do Valedor do Pobo ou en calquera dos lugares que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, seguindo as instrucións que lle proporcionará o sistema.

Non será admitida a concurso ningunha solicitude que sexa presentada por calquera outro medio que o indicado anteriormente. As solicitudes que fosen validadas no formulario electrónico da institución e que non se presentasen dentro de prazo, no Rexistro da Institución ou nos lugares indicados na Lei 39/2015, serán excluídas do procedemento de provisión dos postos convocados.

Coa presentación da solicitude, as persoas participantes declaran baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos que fan constar.

Na solicitude faranse constar os datos persoais e os datos administrativos referentes á situación actual da persoa participante no concurso, e os méritos que posúa e que desexa que lle sexan valorados, consonte o establecido nas bases de cada convocatoria.

Na solicitude de participación deberá incorporar o seu enderezo de correo electrónico de contacto.

Unha vez transcorrido o prazo de presentación, as solicitudes formuladas serán vinculantes para as persoas peticionarias.

Todos os méritos alegados deberán ser acreditados, no momento en que a persoa resulte adxudicataria da praza, mediante a presentación de certificacións ou títulos orixinais ou fotocopias compulsadas dos méritos alegados na solicitude. Non será necesaria a presentación dos méritos alegados e que xa se atoparen en poder da institución, que serán certificados pola Vicesecretaría Xeral.

## 5. Comunicacions coas persoas solicitantes

Na solicitude de participación deberá incorporarse un enderezo de correo electrónico e un número de teléfono válidos de contacto.



Todas as comunicacións referidas ao procedemento de concurso, agás a presentación da documentación en orixinal ou copia compulsada que se lles requira ás persoas solicitantes, realizaranse exclusivamente a través do correo electrónico indicado na solicitude.

Para o suposto de que na documentación presentada existiren defectos reparables, daráselle á persoa interesada un prazo de cinco días hábiles para corrixilos.

## 6. Listaxe de persoas admitidas e excluídas

Expirado o prazo de presentación das solicitudes de participación no concurso, a valedora do pobo ditará unha resolución, que se publicará na páxina web da institución, na que se declararán aprobadas as listas provisionais de persoas admitidas e excluídas.

As persoas excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión.

Transcorrido o dito prazo, a valedora do pobo ditará unha resolución en que aprobará a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Contra a dita resolución poderase interpoñer, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, e de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante a valedora do pobo, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data e de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

## 7. Comisión de avaliación de méritos

Para valorar o cumprimento dos requisitos e os méritos achegados polas persoas solicitantes ao concurso, constituirase unha comisión de avaliación, nomeada pola valedora do pobo coa seguinte composición:

- Presidencia: a persoa responsable da Vicesecretaría Xeral da institución.
- Vogal: Unha persoa funcionaria que designará o persoal funcionario adscrito á institución que conte, cando menos, co mesmo nivel de titulación que o exixido para o ingreso no corpo correspondente ao posto ofertado. Na súa falta, elixirase unha persoa funcionaria que cumpra con estes requisitos, elixida ao azar de entre o persoal que se presente para este efecto.
- Secretaría: o/a xefe/a da Sección de Apoio e Transparencia.

Así mesmo, nomearanse suplentes para o caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

Os membros da comisión de avaliación publicaranse na web da institución no momento da convocatoria e estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



Os membros da comisión de avaliación deberán absterse, ou poderán ser recusados polos aspirantes, cando concorra algún dos supostos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público. Cando se produza esta situación e, consecuentemente, a vacante dun membro da comisión de valoración titular, o seu suplente cubrirá o devandito posto, e o presidente/a designará un novo suplente. O presidente/a solicitará dos membros da comisión declaración expresa de non se encontraren incursos nas circunstancias previstas nos artigos citados ou nas previstas nas presentes bases.

A comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros, sendo en todo caso necesaria a presenza de presidente/a e secretaria/o.

As decisións adoptaranse por maioría dos presentes. Por cada sesión da comisión levantarase acta, coa sinatura do secretario/a e o visto e prace do/a presidente/a. Para o non disposto na convocatoria, o funcionamento da comisión rexerá polo disposto na sección 3ª. Órganos colexiados das distintas administracións públicas, do capítulo II da citada Lei 40/2015.

A comisión de avaliación terá facultades de interpretar e resolver as dúbidas que xurdan na interpretación e aplicación das bases da convocatoria e para determinar a actuación procedente nos casos non previstos. Así mesmo, poderá solicitar o asesoramento de expertos que colaboren na valoración dos méritos, os cales actuarán con voz pero sen voto.

## **8. Puntuación dos méritos achegados polas persoas solicitantes**

Os méritos serán puntuados por medios electrónicos, en función dos datos introducidos polas persoas solicitantes no formulario electrónico habilitado para o presente concurso na páxina web da institución. Unha vez enviada a solicitude, non poderá engadirse ou eliminarse dato ningún.

A puntuación obtida como resultado da declaración realizada por cada unha das persoas participantes será publicada na páxina web da institución.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, para poñeren en coñecemento da institución calquera discordancia entre a puntuación obtida como consecuencia da súa declaración e a publicada na web da institución.

Rematado o citado prazo e de constatarse algún erro, publicarase na páxina web do Valedor do Pobo a puntuación declarada polas persoas participantes, coas correccións que procedan.-

## **9. Comprobación dos requisitos e dos méritos alegados**

Publicada a puntuación declarada polas persoas participantes, coas correccións que procedan, a comisión de avaliación requirirá, mediante correo electrónico, a documentación acreditativa dos méritos alegados á persoa solicitante que obtivese a maior puntuación declarada.

O prazo para a súa presentación será de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da remisión por parte da comisión do correo electrónico ao enderezo indicado pola persoa solicitante.



Todas as condicións e méritos alegados deberán ser acreditados mediante a presentación de certificacións, títulos orixinais ou fotocopias compulsadas. Para o suposto de que na documentación presentada existiren defectos reparables, daráselle á persoa interesada un prazo de cinco días hábiles para corrixilos.

Os datos reflectidos na solicitude electrónica de participación no procedemento serán os únicos que se terán en conta para a valoración. Calquera dato omitido non poderá ser invocado para os efectos de futuras reclamacións, nin poderán considerarse por tal motivo lesionados os seus intereses e dereitos.

Os méritos e os requisitos específicos para o acceso aos postos deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no concurso.

Recibida a documentación, a comisión comprobará a documentación presentada e modificará, se procede, a puntuación declarada que lle corresponda de acordo coa convocatoria.

De corrixirse, minorándose a puntuación da persoa que presentou a documentación, solicitarase, se procede, a documentación á persoa que obtivese a maior puntuación de acordo coa puntuación corrixida e así sucesivamente, ata que a persoa que obtivese a maior puntuación teñan acreditados documentalmente os méritos alegados.

## **10. Empate na puntuación**

En caso de empate nas puntuacións, outorgarase o posto á persoa que acredite maior experiencia en postos pertencentes ao Valedor do Pobo ou institucións similares.

De persistir o empate, acudirase para dirimilo á maior puntuación obtida nos méritos segundo a orde establecida nos diferentes puntos do artigo 3.

En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

## **11. Resolución provisional do concurso**

A comisión de avaliación, unha vez comprobada a acreditación documental da persoa con maior puntuación, remitirá proposta de resolución provisional do concurso á valedora do pobo, na cal figurará a puntuación obtida, por orde decrecente, das persoas das que se comprobou a documentación acreditativa dos méritos alegados e a puntuación declarada, por orde decrecente, polas persoas solicitantes ás que non se lle solicitou a presentación de documentación acreditativa.

Á vista da proposta, a valedora do pobo ditará a resolución provisional do concurso, que se publicará na páxina web da institución.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, para presentar as alegacións ou documentación que consideren que mellor conveñen ao seu dereito.

A comisión de avaliación resolverá as alegacións presentadas, modificando, de ser o caso, a puntuación que corresponda, e o comunicaraa mediante correo electrónico ás persoas alegantes.



## 12. Resolución definitiva do concurso

Resultas as alegacións, a comisión de avaliación elevará á valedora do pobo a proposta de resolución definitiva do concurso a favor da persoa que obtivese a mellor puntuación para a praza convocada.

A valedora do pobo, vista a proposta formulada, ditará a resolución definitiva en favor daquela persoa aspirante que obtivese a maior puntuación.

A dita resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web da institución e contra ela poderase interpoñer, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data e de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

## 13. Toma de posesión do posto adxudicado para a adscrición á institución

O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o posto de orixe radica na localidade de Santiago de Compostela ou en concellos xeograficamente limítrofes con este, ou de sete días se radica en localidade distinta.

O prazo de toma de posesión comezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no *Diario Oficial de Galicia*. Se a resolución comporta o reingreso no servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a devandita publicación.

O cómputo dos prazos de posesión iniciarase cando rematen os permisos ou licenzas que, de ser o caso, fosen concedidos á persoa interesada. Nos supostos de baixa temporal ou transitoria o cómputo do prazo iniciarase a partir da correspondente alta.

## 14. Recursos

Contra a resolución pola que se resolva o concurso de méritos, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a valedora do pobo no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contado desde a mesma data, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2024

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do pobo



## ANEXO

Nº Orde	Unidade orgánica	Denominación	Nivel C.D.	C. específico (€/ano)	Grupo	Corpo	Tipo de posto	Forma provisión	Observacións
16	Serv. Advos.	Administrativo/a AGPI	20	18.010,86 €	C <sup>3</sup> (C-1 <sup>4</sup> )	Administrativo	N	C	Persoal funcionario (*)

Observacións	(*) Coñecementos de informática a nivel usuario
--------------	---

### Resolución do 5 de xuño de 2024 pola que se aproba a convocatoria para a adscrición, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo do Valedor do Pobo

Vista a proposta formulada polo xefe do Servizo de Administración e Persoal para a adscrición, polo sistema de libre designación, de varios postos na institución,

#### RESOLVO:

Ao abeiro do establecido no artigo 7 k) do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, aprobar a convocatoria para a adscrición, polo sistema de libre designación, dos postos que figuran a continuación, conforme as seguintes

#### BASES:

Primeira. Apróbase a convocatoria para a adscrición, polo sistema de libre designación, aos seguintes postos:

#### 1) Subdirección Xeral da institución

- Grupo de titulación: A<sup>5</sup> (A-1<sup>6</sup>)
- Nivel de complemento de destino: 30
- Administración: pertenza como persoal funcionario de carreira ao grupo A (A1)
- Titulación: licenciatura/grao en Dereito
- Funcións que se desenvolverán: as que se lle atribúen no acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 27 de maio de 2024 (*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 33, do 4 de xuño de 2024)
- Centro directivo: Valedor do Pobo

#### 2) Xefatura de Área da AGPI

- Grupo de titulación: B<sup>(1)</sup> (A-2<sup>(2)</sup>)
- Nivel de complemento de destino: 26

<sup>3</sup> Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 20 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

<sup>4</sup> Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 42 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

<sup>5</sup> Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 20 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

<sup>6</sup> Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 20 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.



c) Administración: pertenza como persoal funcionario de carreira ao grupo B (A2), escala técnica de finanzas (ou escalas equivalentes)

d) Funcións que se desenvolverán: as que se lle atribúen no acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 27 de maio de 2024 (*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 33, do 4 de xuño de 2024).

Segunda. Poderá concorrer á convocatoria o persoal funcionario de carreira de calquera administración pública pertencente ao grupo indicado do posto ao que opta.

Terceira. O persoal funcionario interesado poderá presentar a súa solicitude no Rexistro Xeral do Valedor do Pobo, rúa do Hórreo nº 65, en Santiago de Compostela, ou en calquera dos lugares indicados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, na cal deixará constancia dos datos do posto que viñese desempeñando e dos méritos que desexe alegar.

Para participar nesta convocatoria, a persoa interesada deberá formalizar a súa petición de acordo co modelo que se inclúe no anexo da presente resolución.

As persoas aspirantes deberán achegar coa súa solicitude un *curriculum vitae* e xustificar documentalmente os méritos alegados.

Os méritos alegados e non probados de acordo co establecido no parágrafo anterior non se terán en conta.

Cuarta. De conformidade co disposto no artigo 7.1) do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, corresponde á valedora do pobo a resolución desta convocatoria.

Quinta. A resolución da convocatoria, coa adxudicación dos postos a calquera das persoas funcionarias de carreira solicitantes que reúnan os requisitos exixidos para o seu desempeño, ou a súa declaración como deserta, por considerar que ningunha das persoas candidatas reúne as características adecuadas para o posto de traballo ou non reúne a idoneidade necesaria para o seu desempeño, ou se non se presentase ningunha solicitude, farase pública no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexta. O prazo de toma de posesión da persoa seleccionada será de tres (3) días hábiles, de estar o destino anterior na mesma localidade, de sete (7) días se comporta cambio de residencia, ou de vinte días (20) se comporta o reingreso no servizo activo.

O prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte ao do cesamento nese destino, se é o caso, que deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución da libre designación.

Se a resolución comporta o reingreso no servizo activo, o prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte á súa publicación.

Sétima. Contra a resolución pola que se aproba esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a





valedora do pobo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de acordo co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2024

Dolores Fernández Galiño

Valedora do pobo

## ANEXO

### Modelo de solicitude

Datos persoais:

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
DNI	Data de nacemento	Teléfono
Correo electrónico:	Enderezo:	
Corpo ou escala:		Grupo:
Destino actual		
Administración	Dependencia	Localidade

SOLICITO:

Ser admitido/a á convocatoria pública para prover o posto de traballo, polo sistema de libre designación, aprobada pola Resolución da valedora do pobo do 5 de xuño de 2024, por considerar que reúno os requisitos exixidos para presentarme ao posto de traballo que se indica:

Denominación do posto de traballo	Nivel C.D.	Institución	Localidade
		Valedor do Pobo	Santiago de Compostela

Tempo de servizos prestados	Anos	Meses	Días
No corpo actual:			
Noutros corpos:			
No actual posto de traballo:			
Outros destinos anteriores:			
Títulos académicos:			
Coñecemento da lingua galega:	Fala: <input type="checkbox"/>	Escribe: <input type="checkbox"/>	Entende: <input type="checkbox"/>
Outros méritos que se deban facer constar de acordo coas bases da convocatoria:			
Outros méritos que a persoa candidata desexe facer constar:			



## Información básica sobre protección de datos persoais

Responsable do tratamento	Valedor do Pobo
Finalidades do tratamento	Provisión de posto de traballo
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento de obriga legal segundo a normativa xeral e sectorial referida en <a href="https://www.valedordopobo.gal/registro-de-actividades-de-tratamento/">https://www.valedordopobo.gal/registro-de-actividades-de-tratamento/</a>
Destinatarios dos datos	Os datos deberán ser comunicados á Valedora do Pobo
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso rectificación, limitación e supresión dos seus datos en <a href="mailto:valedor@valedordopobo.gal">valedor@valedordopobo.gal</a> ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	<a href="mailto:valedor@valedordopobo.gal">valedor@valedordopobo.gal</a>

(Lugar, data e sinatura)

**EXCMA. VALEDORA DO POBO**



En relación coa pregunta con resposta escrita **número 644**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o rescate da concesión e a transferencia a Galicia da autoestrada AP-9"**, (publicada no BOPG número 11, do 15 de abril de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de vivenda e Planificación de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Pleno número 1582, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 15 de maio de 2024, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a conselleira reforzou a posición do Goberno galego na defensa dos intereses lexítimos dos galegos, demandando a titularidade da AP-9 para Galicia e que esa titularidade veña acompañada, tanto dos recursos necesarios para a súa correcta explotación, como dos investimentos precisos para levar a cabo as obras pendentes.

Do mesmo xeito, tamén se reivindicou a liberación da peaxe da AP-53, de forma que se iguale o percorrido Santiago-Lalín co treito Lalín-Ourense que a Xunta mantén gratuito e denunciou a suba destas dúas autoestradas xestionadas polo Estado.

A resposta completa da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas pode verse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NWEyZjl2NjQtZTJmMi00OGMwLWlyOTgtNzA2Yjk4MmY0OWMw&start=8097> "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/06/2024 10:16:38  
**Nº Rexistro: 5214**  
Data envío: 03/06/2024 10:16:38.868

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2024 10:16:38

CSV: B0P5DRBQCPK8E1G6u62  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta escrita **número 912**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **“as consideracións da Xunta de Galicia en relación coas condicións actuais do acceso á vivenda e coas medidas que cómpre impulsar neste ámbito”**, (publicada no BOPG número 11, do 15 de abril de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta escrita N°912 coincide coa Interpelación 908 (12/INT000029) do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalistas Galego, publicada no BOPG nº10, do 12.04.2024, e que foi contestada pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas no Pleno do martes, 23 de abril de 2024, á que nos remitimos.

Tal e como explicou a conselleira na súa intervención, os obxectivos xerais marcados neste ámbito se recollen na Estratexia de vivenda pública e protexida aprobada o pasado ano sendo a vivenda un dos aspectos capitais do novo goberno da Xunta de Galicia, como pilar do Estado de Benestar e tamén porque así se concretou no programa electoral e no propio organigrama do Goberno autonómico.

A continuación enlazamos a interpelación completa que pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OTU5Yzg0NzAtMjBkZi00ODc1LWFmNzQtNTllNjJkZjM1MDMw&start=4142v>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2024 10:16:32



En relación coa pregunta con resposta escrita **número 1383**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“ o traballo que levou a cabo e as previsións que ten o Goberno galego canto ao desenvolvemento das principais infraestruturas e actuacións comprometidas para a cidade de Ourense”**, (publicada no BOPG número 14, do 19 de abril de 2024), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Dende o punto de vista das infraestruturas viarias e da mobilidade a exposición de motivos está completamente errada, sendo a Xunta de Galicia a verdadeira administración dinamizadora e transformadora de Ourense, eficaz nos seus proxectos que son realidades e non anuncios.

Resumindo moito as actuacións promovidas e executadas nos últimos anos, poden mencionarse a estación de autobuses integrada na intermodal, así como o seu aparcamento; a mellora das travesías urbanas das rúas Marcelo Macías e Otero Pedrayo; a rehabilitación estrutural da ponte do Milenio, a posta en valor da Ponte Vella e a humanización da súa contorna; a mellora da seguridade viaria da OU-105 en Seixalbo, executada en dúas fases; a mellora da agora OU-525, antes un treito da N-525, que pasou a ser de titularidade da Xunta de Galicia para facilitar a execución do acceso ao polígono de San Cibrao, tamén rematada. E por suposto os máis de 5 quilómetros de sendas executados en vías de titularidade autonómica neste concello: na OU-105 en Ponte Sevilla e enlazando coa actuación executada en Seixalbo; na OU-536 na Rabaza; na Avenida de Ponferrada; na OU-150 en Valdorregueiro e na OU-101 en Montealegre.

Agora mesmo estase executando a obra do novo eixo de mobilidade sostible que permitirá percorrer de norte a sur a cidade, entre a estación intermodal e expourense pasando por algúns dos puntos máis importantes da cidade como a Ponte Vella ou As Burgas. Son dúas actuacións, a humanización da Avenida das Caldas e a senda do Barbaña que permiten acometer actuacións históricas como darlle continuidade ao paseo do Barbaña e conectalo co Barbaña, que habilitarán un eixo continuo de 4 km para peóns e ciclistas.



E por suposto traballa en novos proxectos que se impulsarán nesta lexislatura. Entre eles, a senda da OU-402 en Reza, consensuada cos veciños; a conexión do CHUO coa N-525; e a conexión viaria Bemposta – N-525.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/06/2024 10:16:26  
**Nº Rexistro: 5212**  
Data envío: 03/06/2024 10:16:26.806

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2024 10:16:26

CSV: B0PISDRE0m&FIEJg0M#F9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 1432**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outras deputadas do mesmo grupo, sobre **“os problemas de accesibilidade e seguridade para a veciñanza xerados pola ampliación da vía de acceso ao Hospital Gran Montecelo, en Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 14, do 19 de abril de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas** que ten o seguinte contido:

“O novo vial que da servizo ao Gran Montecelo executouse no marco do convenio asinado o 26 de xullo do ano 2016 entre a Consellería de Sanidade, o Sergas e o Concello de Pontevedra, polo que se estableceron as bases para a execución das obras de ampliación do Hospital Público Gran Montecelo, en Pontevedra. De acordo co convenio, a redacción do proxecto e a execución da obra foi levada a cabo polo concello de Pontevedra.

No marco do convenio chegouse a un acordo para que no que se refire ao vial, fose a Xunta de Galicia a que afrontase o procedemento expropiatorio, a pesar de que no convenio non estaba claramente definido, pero a Administración Autonómica entendeu que era prioritario avanzar no expediente de expropiación do vial dado o avanzado da tramitación da obra hospitalaria. A xestión da expropiación foi encomendada á AXI.

Debe ser o concello de Pontevedra, como autor do proxecto, o que realice as actuacións necesarias para resolver os problemas de acceso a fincas que se tiveran xerado. A Xunta de Galicia xa mostrou toda a súa disposición a colaborar, como foi no caso do vial, para colaborar na expropiación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/06/2024 10:16:19  
**Nº Rexistro: 5211**  
Data envío: 03/06/2024 10:16:19.681

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2024 10:16:19

CSV: B0PISDRBQZXPf5e9sAM#2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 1979**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Patricia Iglesias Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **a eficiencia económica do modelo de colaboración público-privada que mantén a Xunta de Galicia na construción e explotación das autovías galegas**” (publicada no BOPG número 18, do 26 de abril de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta que se formula é literalmente a seguinte: “Se no momento actual, a Xunta de Galicia reduciu as tarifas abonadas pola Administración ás concesionarias, garantindo esa viabilidade financeira, segundo o cálculo xa feito polo Consello de Contas e que pode xerar aforros nos orzamentos públicos por valor de, cando menos, 44 millóns de euros?” .

Non entendéndose moi ben que é o que se pregunta, considérase o máis acaído a remisión ás argumentacións pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e da Axencia Galega de Infraestruturas remitidas ao anteproxecto de informe, e que se publican xunto ao informe do Consello de Contas, nas páxinas 135 a 183 do documento publicado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/06/2024 10:16:13  
**Nº Rexistro: 5210**  
Data envío: 03/06/2024 10:16:13.681

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2024 10:16:13

CSV: B0PISDRB0C0URR0C0YH0F0Z  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta escrita **número 2071**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a taxa actual de emancipación da mocidade galega e a relación coa súa situación laboral e a súa capacidade de acceso á vivenda”**, (publicada no BOPG número 18, do 26 de abril de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta escrita N°2071 coincide exactamente coa pregunta oral en comisión N°2072, contestada polo director xeral do IGVS na comisión 5ª, en sesión celebrada o 16 de maio de 2024, á que nos remitimos e que pode consultarse ao completo no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=M2MyMjFLY2UtNDNiMy00MjU1LTk0YjEtZWVmN2JlMzk4ZGE1&start=100> ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/06/2024 10:16:08  
**Nº Rexistro: 5209**  
Data envío: 03/06/2024 10:16:08.228

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2024 10:16:08

CSV: B0P5DRE0XkntEzjg@0P24  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 2120**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a xestión administrativa que levou adiante o Instituto Galego da Vivenda e Solo no referido ás axudas á mocidade derivadas do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025"**, (publicada no BOPG número 21, do 3 de maio de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas** que ten o seguinte contido:

"A pregunta escrita Nº2120 coincide exactamente coa Interpelación 2116 (12/INT000145) do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia publicada no BOPG nº20f1, do 02.05.2024, e que foi contestada pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas no Pleno do 15 de maio de 2024, á que nos remitimos.

Tal e como explicou a conselleira na súa intervención, a Xunta fixo unha xestión exemplar na xestión do Bono de Alugueiro para a Mocidade Galicia que optimizando ao máximo eses fondos e chegando ao máximo número de beneficiarios. O número de axudas concedidas superou as 5.200 estando a totalidade dos bonos pagados e notificadas as resolucións a todos os solicitantes. A continuación enlazamos a interpelación completa que pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NWEyZjl2NjQtZTJmMi00OGMwLWlyOTgtNzA2Yjk4MmY0OOWMw&start=4028> "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BDRSDR02024060310155920  
Verificación: CVE-PRERAR: 4d700b48-5141-41b6-1e48-aba7f35f1869  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2024 10:16:02

CSV: B0PISDRBQjxwPKEGy#520  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 2178**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Patricia Iglesias Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao remate da autovía da Costa da Morte**” (publicada no BOPG número 21, do 3 de maio de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa é de contido moi similar á Pregunta formulada polo trámite de Urgencia nº3169 (12/PUP-000015) do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego en relación coa construción do treito da autovía da Costa da Morte entre Salto (Zas) e Berdoias, e que foi obxecto de resposta por parte da Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas no Pleno do 15 de maio.

A continuación remitimos o enlace da intervención:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/s/nfVyg1H4hUo9EZbEczm3K8r8BNssM44lqkjl6IYlfXYwtd10>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/06/2024 10:15:56  
**Nº Rexistro: 5207**  
Data envío: 03/06/2024 10:15:56.353

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2024 10:15:56

CSV: B0P5DRB0x2R9Dgh4f.2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta escrita **número 2342**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre “ **o cumprimento das políticas anunciadas polo Goberno galego en materia de prevención e abordaxe da soidade non desexada**”, (publicada no BOPG número 21, do 3 de maio de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A elaboración da Estratexia contra a Soidade non Desexada é un proceso complexo e laborioso que require da participación de múltiples actores.

A Dirección Xeral de Miores e Asistencia Sociosanitaria da Consellería de Política Social e Igualdade traballa para finalizar canto antes dita estratexia e así poder presentala no Parlamento de Galicia, para o que se están adicando os máximos recursos dispoñibles.

A Xunta de Galicia segue a traballar en medidas encamiñadas a unha loita fronte a este fenómeno, con distintas iniciativas como a creación e ampliación das casas maior, que este ano esperase acaden as 143 en toda Galicia, a posta en marcha do Carné +65 a través do cal os nosos maiores poden acceder a vantaxes e descontos en viaxes, balnearios, lecer.... fomentando así o envellecemento activo. Tamén, a través de programas de formación con entidades tales como ATEGAL, o IV Ciclo das distintas universidades de Galicia...

Polo tanto, existe un compromiso firme do Goberno galego en combater a soidade non desexada, a través de múltiples iniciativas xa en curso e outras que serán anunciadas en breve. ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BDRSDR2C3R0E5YHmF2  
Verificación: CVE-PRERPAR: c1541049-9e22-d363-4e10-077c6dde8abbb8  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/06/2024 10:15:50  
**Nº Rexistro: 5206**  
Data envío: 03/06/2024 10:15:50.400

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2024 10:15:50

CSV: B0PISDRB3jR0EYgfuF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta escrita **número 2346**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **“ as políticas sociais anunciadas e non desenvolvidas aínda pola Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 21, do 3 de maio de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Galicia terá unha nova Lei de Inclusión Social, pero non a pode facer allea a un contexto nacional cheo de incertezas.

O Goberno central comprometeuse hai máis de dous anos a transferir o Ingreso Mínimo Vital (IMV), que é a razón de ser desta nova normativa, pero ata o pasado decembro non modificou a norma reguladora da prestación para posibilitar dita transferencia. En Galicia xa se solicitara formalmente en varias ocasións esta transferencia pero ata esta modificación legal non se produciron as condicións axeitadas para un correcto traspaso. E ata este mesmo mes de maio de 2024 non se constituíu a Comisión de Seguimento do IMV legalmente establecida dende 2020.

Neste momento agardamos reunirnos cos representantes do Ministerio de Inclusión para discutir os termos do traspaso, e paralelamente traballaremos na redacción da modificación da lei autonómica para poder activala de inmediato en canto culmine o proceso de transferencia.

Deste xeito elaboraremos un documento sen erros e dúbidas como supón o IMV do Goberno central, avanzando así nun modelo único que favoreza unha tramitación áxil, sinxela e coordinada.

Respecto da situación das familias monoparentais, Galicia foi das primeiras comunidades autónomas de España en aprobar un certificado específico para acreditar a condición de familia monoparental, e a Xunta de Galicia leva máis dunha década emitindo estes certificados para que as familias monoparentais desta Comunidade Autónoma poidan acceder a beneficios e vantaxes como,

Non obstante, a situación das familias monoparentais en Galicia e as actuacións de desenvolvemento da Lei de Impulso Demográfico están afectadas polas graves demoras na



tramitación do proxecto de Lei Estatal de Familias, que o Goberno conta ás comunidades autónomas pese a invadir claramente exercendo.

Neste sentido, como xa ten explicado en numerosas ocasións a Xunta de Galicia no Parlamento, por seguridade xurídica optouse por agardar á aprobación definitiva do proxecto de lei estatal - que entre outras cuestións, aborda a condición de familia monoparental de obrigada aplicación en toda España-, toda vez que coa actual redacción do proxecto de lei que impulsa o Goberno central existen centos de familias monoparentais en Galicia que deixarán de ter a condición e a protección que na actualidade si lles outorga o certificado emitido pola Xunta de Galicia. En todo caso, non é responsabilidade da Xunta de Galicia o retraso de case tres anos que se acumula na aprobación da Lei estatal de familias por parte do Goberno, nin o seu impacto negativo deste retraso sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia.

Por outro lado, a elaboración da Estratexia contra a Soidade non Desexada é un proceso complexo e laborioso que require da participación de múltiples actores.

A Dirección Xeral de Maiores e Asistencia Sociosanitaria da Consellería de Política Social e Igualdade traballa para finalizar canto antes dita estratexia e así poder presentala no Parlamento de Galicia, para o que se están adicando os máximos recursos dispoñibles.

Goberno de Alfonso Rueda foi pioneiro en iniciar o camiño cara o novo modelo de coidados, que hoxe xa está a ser unha realidade con medidas como o aproveitamento das novas tecnoloxías en beneficio do usuario.

A residencia de maiores Volta do Castro (Santiago) é a primeira na que completamos a dixitalización. Un proceso que estamos a levar a cabo en todas as residencias públicas da Xunta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/06/2024 10:15:42  
**Nº Rexistro: 5205**  
Data envío: 03/06/2024 10:15:42.822

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2024 10:15:42

CSV: B0P5DRB030MPE5g4u#2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 2538**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **“os estudos das condicións de seguridade no interior do porto de Malpica co fin de executar un proxecto de mellora, a opción elixida dentro das diferentes intervencións consideradas e o cronograma de obras e orzamentos previsto”**, (publicada no BOPG número 21, do 3 de maio de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo, celebrada o 4 de xuño de 2024, no debate da iniciativa con número de rexistro, 2536, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NWlyNjliNWUtZjI3My00M2ZiLTg5MjAtMWE3MjE2ZTZcxZGE3&start=1597>

Na devandita sesión, o Goberno informou sobre os estudos das condicións de seguridade no interior do porto de Malpica co fin de executar un proxecto de mellora, a opción elixida dentro das diferentes intervencións consideradas e o cronograma de obras e orzamentos previsto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 06/06/2024 16:30:00  
**Nº Rexistro: 5429**  
Data envío: 06/06/2024 14:36:50.212

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/06/2024 14:36:49

CSV: B0PISDRDQaxwBEPg4FL-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta escrita **número 2542**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **o procedemento aberto pola Comisión Europea respecto das prórrogas da concesión da AP-9, a valoración da decisión do Goberno central de manter o actual sistema de explotación e xestión da autoestrada e as eventuais iniciativas da Xunta de Galicia na procura da gratuidade desta infraestrutura**”, (publicada no BOPG número 21, do 3 de maio de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi obxecto de debate en Pleno celebrado o 14 de maio de 2024 como consecuencia da Proposición non de Lei presentada polo grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (12/PNP-000298) sobre o mesmo asunto, e que, por parte do grupo de Goberno foi defendido polo deputado D. Roberto Rodríguez Martínez.

Na súa intervención, o deputado defendeu a transferencia da autoestrada AP-9 a Galicia co firme convencemento de que ese traspaso permitirá unha xestión máis eficiente e pegada ao territorio ao tempo que permitirá ofrecer unha resposta máis áxil e acertada ás necesidades dos galegos.

Do mesmo xeito, incidiu no feito de que a Xunta non coñece a resposta nin a documentación que o Goberno de España remitiu á comisión europea trala apertura dun expediente para analizar a situación na que se concedeu o período de exploración extra de 25 anos da concesión a AUDASA en ter convocada unha licitación pública.

O resultado foi a aprobación do seguinte texto:

“O Parlamento insta a Xunta a demandar do Goberno do Estado que, en coherencia co procedemento aberto pola Comisión Europea, inicie os trámites para:



- A anulación da prórroga de 25 anos outorgada á concesionaria da AP 9
- A asunción da xestión directa da autoestrada e a supresión das peaxes
- Impulso da transferencia da AP 9 a Galicia.

Ademais, o Parlamento insta a Xunta a ser parte activa deste procedemento encargando un estudo no que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga e se avalíen os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP-9".

O debate completo pode verse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NzBlNDM3OWUtYmQzZi00OWZiLTgwOWItNGViMWU2NTg3NTcx&start=9340> "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2024 10:15:34



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/06/2024 10:15:34  
**Nº Rexistro: 5204**  
Data envío: 03/06/2024 10:15:34.338

CSV: B0PISDR0G1xMFI05016122  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 2950**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da eliminación da Secretaría Xeral de Igualdade do organigrama da Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 23, do 10 de maio de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia vén demostrando ao longo de todos estes anos o seu firme compromiso pola Igualdade e a loita contra a violencia de xénero. Este compromiso incondicional é cada vez máis forte, tal e como se constata na nova estrutura do Goberno autonómico, na que amosa a súa sensibilidade coa creación de dúas direccións xerais que permitirán seguir afondando e avanzando con maior intensidade nas respectivas materias.

Por un lado, a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, coa que Galicia se converte nunha referencia a nivel estatal para combatela, ao ser a única comunidade que conta cun departamento específico neste ámbito, onde os traballos de prevención nos centros educativos terán un papel esencial.

E por outro, coa creación da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, dende onde se seguirán dando pasos cara unha Galicia máis diversa, máis igualitaria e máis plural”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/06/2024 16:30:00  
**Nº Rexistro: 5237**  
Data envío: 03/06/2024 14:25:54.771

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2024 14:25:54

CSV: B0PISDRDQ&x8B&g&ZF2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita, **número 2956**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **“a xestión do Servizo de Atención á Dependencia no referido aos atrasos nas valoracións e revisións do grao de discapacidade e as medidas que prevé activar o Goberno galego para reducir os tempos de agarda”**, (publicada no BOPG número 23, do 10 de maio de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno Galego traballa para mellorar a atención á cidadanía, sobre todo cando se trata de colectivos especialmente vulnerables.

E así o amosa xa que, dende o ano 2021 creáronse 18 equipos de valoración da discapacidade entre os programas de reforzo e os equipos creados por RPT, o que supón 54 técnicos máis traballando no ámbito da discapacidade.

Pero sen cuestionar a necesidade de seguir traballando para mellorar a resposta á cidadanía, é importante lembrar que a aprobación do Real Decreto 888/2022, de 18 de outubro polo que se establece o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, supuxo un importante atraso nas valoracións, xa que obrigou a empregar un novo baremo a través dunha aplicación do Goberno Central que non estaba completado, aplicación que fallaba continuamente.

Tiveron que pecharse axendas para que os técnicos participaran na formación, que organizou o IMSERSO, e que resultou un cúmulo de vicisitudes e desorganización que se resume na carta remitida dende Galicia ao IMSERSO o 23 de decembro de 2022 na que se poñía de manifesto os trastornos que estaban ocasionando os cambios na metodoloxía da formación e de datas, xa que a participación na formación implica anulación de citas, que ademais hai que ter en conta que para a valoración da discapacidade ten que estar o equipo de valoración ao completo. É mais, os técnicos queixáronse de que era manifestamente insuficiente e tívose que dar formación dende Galicia.





En canto ás solicitudes para a valoración de persoas demandantes de emprego, trátanse con carácter prioritario, tal é como establece o artigo 16.2 da Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade. A organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, onde se establece que terán prioridade as solicitudes de acceso ao emprego e a ensinanza regradas onde exista reserva de prazas para persoas con discapacidade, polo que por suposto se resolven o antes posible para garantir o dereito das persoas con discapacidade ao emprego”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/06/2024 16:30:00  
**Nº Rexistro: 5236**  
Data envío: 03/06/2024 14:25:22.881

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2024 14:25:21

CSV: B0P5DTRB0D0X0R0G0804-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta escrita **número 3452**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos, sobre **"as recomendacións realizadas polo Consello de Contas no seu informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas de 2022, a eventual auditoría externa sobre os contratos menores e negociados sen publicidade e a transparencia da plataforma de contratos da Xunta de Galicia"**, (publicada no BOPG número 26, do 20 de maio de 2024), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 29 de maio o Conselleiro de Facenda e Administración Pública, D. Miguel Corgos López-Prado dou reposta a esta mesma iniciativa ao contestar á Interpelación con Nº de rexistro 3449 do Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego no Pleno do Parlamento de Galicia

Adxuntamos o link da sesión:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzE5NzgxNTUtNWYyNy00NjQyLWJmYjYtMTQyZDY3ZDM0ODIz&start=7632> "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/06/2024 10:15:26  
**Nº Rexistro: 5203**  
Data envío: 03/06/2024 10:15:26.963

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2024 10:15:26

CSV: B0P5DTR0GCPjREIcRjRufz  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

